

## **“DÍA DO COMERCIO LOCAL” CAMPAÑA DE PROMOCIÓN E APOIO DO COMERCIO LOCAL**

Ao realizar mercas nos establecementos de Arzúa acollidos á Campaña "DÍA DO COMERCIO LOCAL", o 8 de decembro de 2023, a persoa participante formará parte dun sorteo a través de rifas. Estas rifas deberán ser cubertas polo cliente, seladas polos establecementos e depositadas nunha urna establecida para o efecto polo Concello na Praza de Galiza durante esta xornada. O sorteo celebrarase de acordo coas seguintes **BASES**:

**1ª:** A campaña desenvolverase o día 8/12/2023 entre as 9:00 e as 20:00 horas.

**2ª:** Á participación nesta Campaña poderán optar unicamente empresas e establecementos comerciais e hostaleiros ubicados no concello de Arzúa. Os establecementos que desexen acollerse a esta iniciativa deberán participar no Día do Comercio Local respetando os prazos de inscrición establecidos. Deberán facer constar a súa adhesión á campaña cun cartel facilitado pola organización no escaparate ou zona visible do establecemento.

**3ª:** Esta campaña promocional para incentivar o consumo, consiste no sorteo de:

**UN QUEIXO GRANDE DOP ARZÚA-ULLOA  
UN SMARTWATCH  
UNHA CAFETEIRA  
UNHA TABLET**

**4ª:** Poderá participar calquera persoa maior de idade mercando nos establecementos participantes no Día do Comercio Local unicamente o 8 de decembro de 2023 no horario de apertura fixado por cada local. Entregarase un boleto para participar no sorteo por cada 10 euros de merca.

Cada rifa terá un espazo para indicar o nome, apelidos e D.N.I. do/a participante. Cada participante poderá cubrir tantas rifas como desexe durante o período establecido na base primeira e depositalas na urna instalada na Praza de Galiza en horario das 16:00 ás 20:00 horas.

**5ª:** O sorteo celebrarase o día 8 de decembro de 2023 ás 20:00 horas na Praza de Galiza e será de carácter presencial. Un representante do Departamento de Cultura, nun acto público, sacará da urna unha rifa por cada premio (na orde fixada na base terceira) que será a gañadora. O proceso repetirase, en caso de que sexa necesario, ata que apareza o/a agraciado/a deixando un tempo de 2 minutos entre cada extracción de papeleta. A persoa gañadora terá que recoller o correspondente premio, no acto de entrega que se levará a cabo tan pronto remate o sorteo e deberá vir provista do seu documento de identidade, para comprobar que é a titular da papeleta extraída.

**6ª:** A participación no concurso supón a aceptación destas bases.

Os presentes premios serán outorgados con cargo á partida orzamentaria 431.480.02 do vixente orzamento ata o límite de 350 euros.